



**FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO**

**Bases de axudas para a
promoción do deporte na
Comunidade Autónoma
de Galicia 2006**

INDICE

1. Fundación Deporte Galego.....	3
2. Obxecto	3
3. Rexime xurídico.	3
4. Imputación orzamentaria.....	3
5. Solicitantes	3
6. Solicitudes	4
6.1 Instancia de solicitudes.....	4
6.2 Documentación	4
6.3 Límites nas solicitudes	4
6.4 Lugar de solicitudes.....	4
6.5 Prazo de solicitudes	5
6.6 Subsanación de erros.....	5
7. Adxudicación.....	5
7.1 Órgano de adxudicación	5
7.2 Criterios de adxudicación.....	5
7.3 Baremos de adxudicación	6
7.4 Resolución de adxudicación	7
7.5 Aceptación da resolución	7
7.6 Reclamacións	7
8. Xustificación e pagamento.....	7
8.1 Xustificación	7
8.2 Pagamento.....	8
9. Obrigas do/da beneficiario/a.....	8
10. Revogación da axuda e réxime sancionador	9

Anexos:

- A-1 Instancia de solicitudes de axuda
- A-2 Documentación da proposta de axuda
- A-3 Certificación do acordo para solicitar a axuda
- A-4 Aceptación da axuda

1. Fundación Deporte Galego

A **Fundación Deporte Galego**, dependente da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, ten como finalidade “a promoción e incentivo do deporte e a práctica deportiva na comunidade autónoma galega”. De conformidade cos seus estatutos ten encomendada, entre outras, as seguintes funcións:

- Organización, preparación e/ou apoio de eventos deportivos a celebrar na comunidade autónoma galega.
- Fomento do deporte base e de alta competición en Galicia

A Comisión Permanente da Fundación aprobou na súa sesión plenaria de 24 de marzo de 2006 as presentes bases de axudas.

2. Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular a concesión de axudas en 2006 para:

- a) A organización de eventos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A organización de actividades de interese galego orientadas ao fomento, promoción, difusión e formación da práctica deportiva.
- c) A participación de deportistas galegos en prácticas deportivas con requirimentos específicos e que non sexan susceptibles de acollerse ás axudas ordinarias establecidas pola Dirección Xeral para o Deporte.

3. Rexime xurídico.

As presentes bases rexeranse polo dereito privado, séndolles aplicables os principios de xestión previstos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Rexime Financeiro e Orzamentario de Galicia, e os de información previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Imputación orzamentaria

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento de 2006 da Fundación Deporte Galego con cargo á partida de Axudas monetarias e por un importe máximo de 600.000 euros, sen prexuízo da súa suplementación en virtude do incremento de fondos asignados a este fin que poda acordar a Fundación.

5. Solicitantes

Poderán solicitar as axudas aquelas persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) As asociacións deportivas que, conforme ó disposto na Lei Xeral do Deporte de Galicia, ostenten a condición de clubs deportivos.
- b) As entidades sen ánimo de lucro inscritas no correspondente rexistro de asociacións ou de fundacións da Xunta de Galicia.
- c) As empresas promotoras de eventos deportivos con residencia fiscal en Galicia e que acrediten experiencia e capacidade para a organización da actividade ou evento proposto.

- d) Os/As deportistas galegos/as con licenza federativa en vigor nalgunha das modalidades deportivas pertencentes as Federacións Deportivas Galegas e aquelas que o nivel da competición na que participan sexa de interese fundamental para o deporte galego.

6. Solicitude

6.1 Instancia de solicitude

As solicitudes dirixiranse á Presidenta do Padroado da **Fundación Deporte Galego** e presentaranse na instancia recollida no Anexo A-1.

6.2 Documentación

Xunto coa instancia de solicitude presentarase a seguinte documentación:

- a) Proposta detallada da axuda solicitada segundo o modelo do Anexo A-2.
- b) No caso de persoas xurídicas:
- b.1 Certificado do acordo para solicitar a axuda (Anexo A-3).
 - b.2 Memoria descritiva da entidade, acreditando a experiencia e capacidade para a organización da actividade ou evento proposto.
 - b.3 Fotocopia compulsada do CIF
 - b.4 Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da axuda.
 - b.5 Certificados compulsados de estar ao corrente das obrigas fiscais (Axencia Tributaria e Xunta de Galicia) e de seguridade social. De non existir a obriga, substituiranse os certificados por unha declaración xurada asinada polo solicitante.
- c) No caso de deportistas galegos:
- c.1 Fotocopia compulsada da licenza federativa descrita na cláusula 5.d.
 - c.2 Curriculum vitae
 - c.3 Fotocopia compulsada do NIF
 - c.4 Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria onde se solicita o ingreso do importe da axuda.

6.3 Límites nas solicitudes

- a) Límite temporal. As solicitudes teranse que referir a actividades, eventos ou participación de deportistas de alto nivel que se realicen con posterioridade ao 8 de abril e antes do 24 de decembro de 2006.
- b) Compatibilidade con outras axudas. As axudas previstas nestas bases serán compatibles con calquera outra de natureza pública ou privada sempre e cando o seu importe total non supere o 100% do custe total do proxecto. Será obrigatorio declarar as axudas solicitadas para o mesmo fin na instancia de solicitude, así como as axudas recibidas no momento de xustificación final.
- c) Límite de contía. A porcentaxe de financiamento que se solicite non poderá exceder do 50% do custo real xustificado da actividade á que se aplique, agás en casos excepcionais debidamente xustificadas.

6.4 Lugar de solicitude

A instancia de solicitude e a documentación correspondente presentaranse no Rexistro da **Fundación Deporte Galego**: Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 4 (15781 Santiago de Compostela).

Os interesados poderán tamén presentar as súas instancias mediante correo certificado, nos termos previstos no Real Decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o Regulamento dos servizos postais. Neste caso, o solicitante deberá xustificar a data do envío e anunciar á Fundación Deporte Galego a remisión da documentación mediante fax (981 575 409) ou burofax o mesmo día.

6.5 Prazo de solicitude

O prazo para a presentación de solicitudes iniciárase ó día seguinte da publicación do anuncio das presentes bases no Diario Oficial de Galicia e finalizará segundo o seguinte calendario:

Data ou período de realización das actividades, eventos ou participación de deportistas	Data límite de presentación de solicitudes
Entre o 8 de abril e o 31 de maio do 2006	5 de abril do 2006
Entre o 1 de xuño e o 31 de agosto do 2006	21 de abril do 2006
Entre o 1 de setembro e o 23 de decembro do 2006	23 de xuño do 2006

O horario de rexistro aos efectos de presentación das solicitudes referidas ás presentes bases será de 9:00 a 14:00.

6.6 Subsanación de erros

No caso de que as solicitudes non cumpran os requisitos esixidos nas bases ou a documentación achegada contivese erros ou fose insuficiente, requiriráselle ao solicitante que, nun prazo non superior a 10 días hábiles a partir da recepción da correspondente notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

7. Adxudicación

7.1 Órgano de adxudicación

O outorgamento das axudas corresponderalle á Comisión Permanente do Padroado da Fundación. A resolución adoptarase á vista dos informes técnicos e conforme aos criterios establecidos na cláusula 7-2, e dentro do prazo máximo de 30 días hábiles a partir da finalización do prazo de solicitude que lle corresponda. En todo caso, as axudas, e en particular o acto do seu outorgamento, axustarase ás seguintes regras:

- Non terán carácter contractual.
- Concederanse en réxime de libre concorrencia.
- Non serán invocables como precedente.
- Non será esixible revisión, aumento ou renovación.

7.2 Criterios de adxudicación

a) Organización de eventos deportivos e de actividades de interese galego:

- Interese deportivo do evento ou actividade en Galicia en termos de calidade técnica do proxecto, singularidade, participación, visibilidade e difusión da práctica deportiva. Puntuación máxima: 20 puntos.
- Proxección do evento:
 - Proxección internacional. Puntuación máxima: 20 puntos.
 - Proxección estatal. Puntuación máxima: 15 puntos.
 - Proxección galega. Puntuación máxima: 10 puntos.

- Esfuerzo de cofinanciamento do evento en base a patrocinios, inscricións, venda de entradas e outros recursos distintos dos solicitados á Fundación Deporte Galego, que garantan a cobertura do custe real do evento ou actividade. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
 - Solvencia, capacidade e idoneidade do solicitante para a realización do evento ou actividade. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
 - Recuperación, mantemento e desenvolvemento das modalidades deportivas autóctonas. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
 - Presenza do deporte de base no desenvolvemento do evento ou actividade. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
 - Incorporación de colectivos en desigualdade nas prácticas deportivas promovidas.
 - Emprego do galego como lingua oficial do evento ou actividade. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
- b) Participación de deportistas galegos de alto nivel en prácticas deportivas con requirimentos específicos:
- Características do proxecto deportivo en termos de requirimentos específicos, singularidade e visibilidade. Puntuación máxima: 20 puntos.
 - Proxección do evento:
 - Proxección internacional. Puntuación máxima: 20 puntos.
 - Proxección estatal. Puntuación máxima: 15 puntos.
 - Esfuerzo de cofinanciamento do proxecto deportivo en base a patrocinios e outros recursos distintos dos solicitados á Fundación Deporte Galego. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
 - Curriculum vitae do solicitante que demostre a capacidade para a realización do proxecto deportivo. Puntuación máxima: 2,5 puntos.
- c) Criterios comúns:
- Os solicitantes só poderán acceder a unha axuda por parte da **Fundación Deporte Galego** durante o ano 2006.

7.3 Baremos de adxudicación

Independentemente do límite de adxudicación establecido na cláusula 6-3-c, a baremación das solicitudes, establecida en termos de importe máximo que se pode recibir por apartados, seguirán as seguintes pautas:

- a) Organización de eventos deportivos e de actividades de interese galego:

Criterio de adxudicación	Importe máximo
Interese deportivo do evento ou actividade en Galicia	20.000 euros
Proxección do evento ou actividade deportiva:	
▪ Internacional	20.000 euros
▪ Estatal	15.000 euros
▪ Galega	10.000 euros
Resto de criterios	15.000 euros

- b) Participación de deportistas galegos de alto nivel en prácticas deportivas con requirimentos específicos:

Criterio de adxudicación	Importe máximo
Características do proxecto deportivo	20.000 euros
Proxección do evento ou actividade deportiva:	
▪ Internacional	20.000 euros
▪ Estatal	15.000 euros
Resto de criterios	5.000 euros

- c) Prorrateo na adxudicación

O órgano de adxudicación pode decidir prorratear os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

7.4 Resolución de adxudicación

A orde de resolucións favorables publicarase na web da Fundación (www.deportegalego.es) e comunicaráselle aos correspondentes beneficiarios/as por correo.

Esgotado o prazo máximo de dous meses para resolver o procedemento sen resolución expresa a favor, entenderase desestimada a solicitude.

7.5 Aceptación da resolución

O/A beneficiario/a da concesión de axuda deberá aceptala nas condicións establecidas para poder ter dereito á mesma nun prazo máximo de 10 días hábiles a partir da súa recepción. Para tal fin cubrirá o Anexo A-4 e empregárase o procedemento de remisión descrito no apartado 6-4.

De non aceptarse a axuda dentro de dito prazo entenderase que renuncian á mesma.

7.6 Reclamacións

- a) Contra a resolución poderá interperse recurso de reposición perante o órgano de adxudicación, no prazo máximo dun mes a partir da recepción da súa notificación, ou no caso de desestimación por silencio administrativo, de tres meses a partir desta. Entenderase desestimado o recurso se transcorre outro mes sen resposta.
- b) Contra a resolución do recurso de reposición, ou contra a súa presunta desestimación, poderá interperse o recurso que proceda perante os tribunais competentes da xurisdición civil, nos termos previstos na Lei de Axuizamento Civil.

8. Xustificación e pagamento

8.1 Xustificación

- a) Prazo de xustificación. Os/As beneficiarios/as xustificarán a execución da proposta aprobada nos 30 días hábiles seguintes á súa finalización. En todo caso, para as actividades realizadas en decembro a data límite para a presentación da xustificación

será o 30 de decembro de 2006. De non cumprirse este requisito perderase o dereito a percibir a axuda.

- b) Solicitud de liquidación. A xustificación da axuda concedida efectuarase segundo o modelo normalizado entregado aos beneficiarios/as de axudas, que recollerá:
- Solicitud de liquidación final, certificando o cumprimento da proposta aprobada.
 - Memoria descritiva do desenvolvemento da proposta de axuda aceptada. Acompañarase anexos con mostras da publicidade empregada, resume de prensa e resume fotográfico, así como calquera outro documento ou recurso que se estime oportuno.
 - Relación numerada de gastos efectuados, achegando facturas orixinais polo importe da axuda concedida (segundo as condicións do artigo 3 do R.D. 2402/1985 e co desglose dos conceptos incluídos) e facturas fotocopiadas por un importe igual ao concedido.
 - Certificados compulsados de estar ao corrente das obrigas fiscais (Axencia Tributaria e Xunta de Galicia) e de seguridade social, no caso de ter expirado a súa vixencia.
- c) Gastos subvencionables.
- Os gastos en bens e servizos que contribúan dun xeito directo á realización do evento ou actividade, así como dietas, estadias e viaxes.
 - Os gastos en publicidade e/ou relacións públicas que non excedan do 15% do orzamento executado, sempre que fosen orzamentados na proposta inicial.
 - Os gastos de organización e xestión do proxecto que non excedan do 10% do orzamento executado, sempre que fosen orzamentados na proposta inicial.
 - Non se consideran gastos subvencionables a compensación de cotas tributarias.

8.2 Pagamento

O pagamento da axuda concedida efectuarase mediante transferencia bancaria ou pagaré unha vez sexa correctamente xustificada.

Unicamente se abonará a cantidade que se corresponda coas facturas presentadas que cumpran cos requisitos establecidos no apartado anterior.

Ningún beneficiario de axuda poderá recibila mentres teña débedas tributarias, de seguridade social ou de outro tipo pendentes coa Fundación Deporte Galego ou coas Administracións Públicas.

9. Obrigas do/da beneficiario/a

O/a beneficiario/a deberá cumprir coas obrigas previstas no artigo 78.4 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de Rexime Financieiro e orzamentario de Galiza e, en particular:

- a) Aceptar e cumprir tódalas estipulacións establecidas nas Bases desta convocatoria.
- b) Levar a cabo e acreditar a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas e responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- c) Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta admitida, así como a obtención de axudas para a mesma finalidade. O prazo para a comunicación é dun mes dende o momento que se produzan as eventualidades, debendo ser acompañado, de proceder, da solicitude da modificación da concesión da axuda correspondente. Esta modificación realizarase sempre antes de que remate a execución da proposta e, en ningún caso, suporá incremento na axuda. O prazo de

resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes a contar dende a súa entrada no Rexistro da Fundación. Transcorrido o prazo dun mes sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

- d) Facer constar en lugar destacado da publicidade das propostas admitidas a colaboración da Fundación Deporte Galego, incorporando o seu logotipo segundo a indicación establecida na web da Fundación. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.
- e) Empregar o galego na comunicación do evento ou actividade, ou bilingüe cando se trate de comunicación que se difunda fóra de Galicia.
- f) Situar material de promoción da Fundación Deporte Galego nun sitio preferente do evento ou actividade. Con quince días de anterioridade á realización do mesmo, o beneficiario porase en contacto coa Fundación para acordar a citada presenza.
- g) Comunicar con antelación a listaxe de actos oficiais relacionados co evento ou actividade, así como a participación dos representantes da Fundación nos mesmos.
- h) Facilitar invitacións para a Fundación co fin de asistir ao evento ou actividade, no caso de que a entrada sexa restrinxida por algún motivo.
- i) Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento e avaliación que efectúe a Fundación Deporte Galego.

10. Revogación da axuda e réxime sancionador

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da axuda de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación ou a insuficiente xustificación do proxecto, poderán dar lugar á revogación da axuda e á obriga de reintegrar a totalidade da axuda percibida e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pagamento.

Neste suposto, de producirse a revogación, procederase tamén á inhabilitación do beneficiario aos efectos de non poder volver solicitar axuda á Fundación Deporte Galego durante tres anos. Igualmente actuará cos beneficiarios que non presentan os xustificantes en tempo e forma.